

OS SETE CABRITOS

Adaptación de XOSÉ BALLESTEROS

Ilustracións de SOFÍA F. RODRÍGUEZ e ANA MÍGUEZ

Encadernado en cartonné. 22 x 22 cm. 32 páx. 13 €.

[Os sete cabritos](#) (galego)

ISBN 978-84-95123-06-0. Os contos do trasno.

[Los siete cabritillos](#) (castelán)

ISBN 978-84-8464-020-2. Cuentos tradicionales.

[Os sete cabritos](#) (portugués)

ISBN 978-972-8781-76-7. Contos tradicionais.

Era unha vez unha cabra que tiña sete cabritos.

Vivían nunha cabana, no medio do bosque.

A cabra pedíalles sempre aos seus fillos que non xogasen

lonxe da casa, pois por aquel bosque roldaba un lobo moi feroz.

Un día, a cabra tivo que ir facer compras á aldea,

e díxolles aos cabritos que non abrisen a porta a ningún

mentres ela non volveuse...

Este conto dos irmáns Wilhelm e Jacob Grimm destaca pola súa orixinal proposta plástica. Os personaxes son figuras de plastilina, dotadas de grande expresividade. Cada imaxe está coidada ata o máis mínimo detalle, con escenografías elaboradas a base de tea, cartolina, madeira ou area, nas que non faltan elementos do bosque e do ámbito do fogar. Así, as árbores, as flores, a auga e as distintas dependencias da casa dos cabritos contribúen a situar o lector na historia, como un espectador de excepción.



■ **Temática:** o fogar, a precaución.

■ **Idade recomendada:** a partir de 3 anos.

■ **Aspectos destacables:** animais humanizados; natureza; infancia, relacións familiares; as ilustracións son figuras modeladas con plastilina; do adaptador de contos tradicionais como "[O coelliño branco](#)", "[Tío Lobo](#)" ou "[Os tres porquiños](#)" e autor de "[Imaxina animais](#)" (Kalandraka).

Xosé Ballesteros

(Vigo, 1956)

Editor, co-fundador de KALANDRAKA, escritor e tradutor. Publicou, entre outras obras, a novela "Talego" (Xerais, Premio García Barros). No eido da Literatura Infantil e Xuvenil é autor da serie "Os Gordibolas" (Xerais), do libro "Imaxina animais" e adaptou varios contos tradicionais, como "O coelliño branco", "[O traxe novo do rei](#)", "Os tres osos" e "Os sete cabritos" e "[As pescadoras](#)" (KALANDRAKA), Premio da 33ª Feira do Libro Infantil e Xuvenil de Madrid; ademais, traduciu ao castelán a antoloxía "[Fernando Pessoa: selección poética](#)" (FAKTORÍA K).

Ana Míguez

(Soutomaior, 1968)

Diplomada en Maxisterio e licenciada en Belas Artes. Traballa como profesora de debuxo nun Instituto de Educación Secundaria en Cáceres. Participou en varias exposicións de pintura, gravado, fotografía e videocreación.

Sofía Fernández Rodríguez

(Pontevedra, 1968)

Licenciada en Belas Artes. É profesora de debuxo nun Instituto de Educación Secundaria en Cáceres. A súa obra participou en varias mostras de fotografía e videocreación realizadas en Pontevedra, Madrid, Santiago e Vigo, entre outras localidades.

www. **kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com